



RISCOS DERIVADOS DO USO DA CARRETILLA

- Atropelo de persoas.
- Envorcadura da carretilla.
- Caída da carga transportada.
- Caída da carga almacenada.
- Caídas do condutor tanto ao subir coma en marcha.
- Choque con outros vehículos.
- Atrapamento con órganos móbiles da carretilla.
- Exposición a ruído
- Exposición a vibracións.

CONSIGNAS DE SEGURIDADE

CONSIGNAS XERAIS DE UTILIZACIÓN

- Non se pode transportar persoas en ningún lugar da carretilla, nin elevalas sobre as forquitas ou materiais transportados nelas.
- Utilizar sempre os medios de acceso á carretilla.
- Descender da carretilla de cara ao posto de condución.
- Deberase dispor dun lugar específico para aparcarse a carretilla cando non se estea empregando onde non poida producir danos.









MANTEMENTO

- Todas as tarefas de mantemento fanse co motor parado e por persoal especializado.
- Comprobar diariamente: os freos, dirección, avisadores, iluminación, reguladores, válvulas de descarga do circuito de elevación e mecanismos de inclinación e elevación. Farase o mesmo cos circuitos hidráulicos, en especial o concernente a fugas interiores ou exteriores.
- Verificar periodicamente o estado da instalación eléctrica, así como do seu illamento.
- Verificar o estado dos pneumáticos, mantendo a presión descrita polo fabricante.
- Non quitar nunca as protección das partes móbiles co motor en marcha.

Encher o depósito de carburante ao aire libre.



CIRCULACIÓN

- Usar o avisador lumínico sempre que funcione a máquina e o acústico ao dar marcha atrás.
- Colocar a carga de modo que permita a visión cara a adiante. En caso de non ver, circular marcha atrás.
- Circular sempre a velocidade moderada, tomar as curvas con precaución e tocar o claxon se é preciso. Prohíbese a velocidade de condución superior a 10 km/h (20 km/h en vías públicas)





- Prohíbese a circulación ou invasión dos corredores destinados ao uso persoal.
- Non circular coa carga elevada. Levar a carga a 15 cm do chan co mastro completamente inclinado cara a atrás. Se circula descargado leve as forquitas baixas.
- Prohibido xirarse a carretilla se encontra en pendente, en pendentes é obrigatorio circular en liña recta.
- Non se asomar cara ao exterior cando se vai conducindo.
- Utilizar cinto de seguridade tipo “automóbil”
- Reducir a velocidade nos cruces aínda que teñamos prioridade no paso e accionar sempre a alarma sonora.

CARGA E DESCARGA




▪ A manipulación das cargas farase respectando sempre as instrucións do diagrama que o fabricante proporciona; en todos os casos, seguiranse os seguintes pasos (ver debuxo)

- Recoller a carga, introducindo as forquitas a fondo para que o centro de gravidade da carga quede o máis próximo posible ao mastro.
- Inclinar o mastro ao máximo cara a atrás e elevar a carga uns 15 cm sobre o chan.
- Situar a carretilla fronte ao lugar previsto e en posición precisa para depositar a carga
- Elevar a carga ata a altura necesaria mantendo a carretilla freada. Para alturas superiores a 4 m programar as alturas de descarga e carga cun sistema automatizado que compense a limitación visual que se produce a distancias altas.
- Avanzar a carretilla ata que a carga se atope sobre o lugar de descarga.
- Situar as forquitas en posición horizontal e depositar a carga, separándose despois lentamente.
- Para baixar a carga, realizaranse as mesmas operacións anteriores pero á inversa (Ver debuxo de dereita a esquerda)



EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- **Traxe:** Mono de mangas, amplo adaptado ás condicións climáticas, deberanse evitar petos exteriores susceptibles de enganches cos mandos.
- **Luvax:** Resistentes e flexibles para non molestar na conducción.
- **Calzado:** De seguridade con punteiras metálicas e con solas antiesvaradías, cando ademais o operario no seu posto de traballo deba realizar operacións de mantemento manual.
- **Casco:** Aconséllase levar casco de seguridade.
- **Cinto lumbo-abdominal:** Conveniente para xornadas de traballo longas e zonas de circulación pouco uniformes.



APILAMENTO DE PALÉS

- Vixiar a verticalidade do almacenamento.
- Os apilados deben ser estables, de altura razoable e realizarse sobre superficies resistentes e horizontais.
- Non almacenar produtos que sobresaían da vertical da fila.
- Non empurrar as cargas almacenadas coas que se pretende almacenar, para facer ocos.

PARTES DUNHA CARRETILLA ELEVADORA TIPO

